

## ACTA DO TRIBUNAL DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022.

Sendo as 8,00 horas do día 3 de xuño de 2024 reúnense os membros do tribunal cualificador seguidamente relacionados, designado por resolución da alcaldía do 15.11.2023, e cuxa composición foi publicada no BOP do 21.11.2023 e na páxina web e taboleiro de edictos do Concello.

Asisten os seguintes membros:

Presidente: José Alberto Iglesias Fungueiriño.

Secretario: Javier Nieves González.

Vogais:

-. Ana Isabel Candame Areosa.

Non asisten:

-. Ignacio Soto González.

-. Mónica Neira Mato.

Co quórum esixido pola base 6 para a válida actuación do tribunal, procédese á realización do outorgamento das puntuacións finais dos aspirantes que superaron a fase de oposición.

Resultando que con data 30 de maio de 2024 rematou o prazo de alegacións contra as puntuacións obtidas polos aspirantes pola realización do terceiro exercicio da fase de oposición, e non se presentou ningunha.

Resultando polo tanto que o procedemento de selección rematou, polo que procede clasificar aos aspirantes que aprobaron a fase de oposición, quedando ordenados do seguinte xeito:

	Fase concurso	Fase oposición	Puntuación final total
ARIAS CARRIBA, MÓNICA	16,00	23,70	39,70
FERNÁNDEZ ABAD, INÉS	9,20	23,10	32,30

O tribunal por unanimidade, acorda:

**1º)** Publicar as puntuacións finais dos candidatos que teñen superado todos os exercicios obrigatorios da fase de oposición, mediante anuncio na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello.

**2º)** Propoñer á alcaldía como órgano competente, a selección e nomeamento como funcionaria de carreira de MÓNICA ARIAS CARRIBA, por ser a aspirante que acadou a maior puntuación, quen deberá presentar no prazo máximo de 20 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello da proposta do tribunal sobre o aspirante a nomear como funcionario de carreira, a documentación establecida na base 9.3. da convocatoria.

**3º)** Propoñer á alcaldía como órgano competente, a aprobación da bolsa de traballo temporal derivada desta convocatoria, que queda formada pola seguinte persoa: INÉS FERNÁNDEZ ABAD, por ter superado todos os exercicios obrigatorios da fase de oposición.

E non habendo máis asuntos que tratar remata a sesión sendo as 8,30 horas, de todo o que se levanta a presente acta que en proba de conformidade asinan os asistentes, de todo o que como secretario certifico.